

O SISTEMA URBANO.

1 - O proceso de urbanización en España.

Actualmente o 78% da poboación española vive nas cidades (dato do 2013). Este proceso foi particularmente destacado desde 1960 e foi froito do éxodo rural e das migracións interiores.

1.1 - O concepto urbano.

● Non hai un mesmo criterio para diferenciar unha vila dunha cidade. Os seguintes criterios axúdannos a definir cales son os trazos da cidade e do urbano. Son propios da maioría de cidades, aínda que non sempre se cumpren todos ao mesmo tempo, porque as cidades presentan realidades moi diversas e complexas.

- **O número de habitantes:** non hai unanimidade a hora de establecer cal é o número mínimo de habitantes. En España considerase cidade todo núcleo de poboamento a partir de 10. 000 habitantes.
- **A concentración do hábitat:** a concentración é unha característica do centro das cidades, Pero algúns barrios residenciais formados por casas unifamiliares teñen unha estrutura descontinua e illada, e considerámoslos igualmente cidade, aínda que de baixa densidade. Pola contra, no medio rural as veces observase tamén un poboamento concentrado e denso. Debido a isto tratase dun criterio cada vez menos decisivo para determinar o feito urbano.
- **A actividade económica:** a cidade caracterízase pola diversidade de actividades dos seus habitantes, entre as que predominan as ocupacións vinculadas a industria, a administración, aos transportes, ao comercio e a outros variados servizos. Malia esta definición, algúns portos pesqueiros ou certas localidades cerealeiras ou oliveiras do centro e sur de España pódense considerar vilas grandes ou cidades rurais.
- **A influencia territorial:** a cidade concentra moitas actividades (administrativas, políticas, culturais...) que a converte nun centro de poder, de creatividade e de oportunidades de todo tipo. Debido a esta centralización de actividades, a cidade aglutina fluxos de persoas, de produtos, de capitais e de ideas. Dente xeito, é doado que as cidades se convertan en nodos moi ben conectados a través de vías de comunicación e medios de transporte.
- **O urbanismo:** polo xeral as cidades caracterízase por edificios altos e avenidas longas e amplas. As grandes aglomeracións urbanas adoitan espallarse máis rapidamente que as vilas, que son de crecemento máis lento.
- **O estilo de vida:** aínda que na actualidade os medios de comunicación tenden a homoxeneizar os estilos de vida e as formas de relación social, polo xeral as cidades caracterízase pola súa maior tolerancia e dinamismo, e por ter máis posibilidades nas relacións sociais e persoais, aínda que tamén un maior anonimato.
- **A concentración de funcións:** na actualidade, os núcleos urbanos concentran unha gran variedade de funcións. As funcións que predominan nunha cidade dependen das actividades e das profesións que exercen os seus habitantes.

1.2 - Urbanismo e ordenación do territorio en España.¹

1.2.1 - Os axentes sociais:

● Chamámoslles **axentes sociais urbanos** a todas aquelas persoas, grupos de cidadáns e institucións que interveñen na creación do espazo urbano. Os **principais** son:

- Os propietarios privados do solo urbano. Cando os propietarios do solo optan por construír edificios (vivendas, locais de servizos, naves industriais) convértese en promotores inmobiliarios dispostos a venderen ou alugaren o solo e as edificacións. Habitualmente os propietarios do solo e os promotores inmobiliarios son persoas ou empresas moi poderosas e influentes que buscan facer o maior negocio posible a través da compra-venda de terreos e edificios especulando con eles. Os beneficios que se obteñen no negocio inmobiliario pódense ampliar se os soares e as construcións conteñen algunha calidade específica polo súa boa localización (respecto, por exemplo, dos medios de transporte ou dos parques urbanos). Por iso os promotores tenden a exercer presión sobre os concellos e sobre as institucións para que modifiquen os plans urbanísticos ou melloren os equipamentos.
- Os empresarios. Os empresarios industriais e de servizos son outro tipo de axentes destacados na transformación das cidades, dado que buscan a mellor localización para as súas instalacións. Estes axentes urbanos crean postos de traballo e reclaman que a administración lles constrúa infraestruturas (accesos, equipamentos). Moitas fábricas antigas que estaban no centro das cidades, ao desprazárense ós polígonos industriais das periferias ou simplemente ao clausuraren a súa actividade, deixaron grandes espazos no centro urbano que adoitan ser vendidos e utilizados por outros axentes.
- Os cidadáns. Uns axentes urbanos esenciais son os cidadáns, que buscan satisfacer as súas necesidades básicas: vivenda, transporte, educación, sanidade, lecer. Ademais queren maximizar o seu benestar (vivir preto de parques, en lugares ben comunicados, con suficientes equipamentos e servizos) e minimizar os aspectos negativos que leva consigo vivir na cidade (a contaminación, a aglomeración, as distancias, o conflito entre actividades). O papel que teñen os cidadáns como axentes urbanos depende moito da clase social a que pertencen, do barrio no que viven, así como dos seus coñecementos sobre o funcionamento da Administración Pública. Os cidadáns poden expresar as seas opinións a título individual pero teñen máis forza cando se organizan en movementos sociais urbanos: asociacións de veciños que reclaman algún servizo ou equipamento, grupos de defensa de valores ecolóxicos ou grupos de presión como asociacións de comerciantes, sociedades profesionais, etc.

● Como pode deducirse existen intereses distintos entre os que buscan incrementar o valor de cambio dos solos e dos edificios (os propietarios e os promotores inmobiliarios) e os que defenden o valor de uso para escolas, hospitais, instalacións deportivas, parques...Este conflito pode xerar a aparición de movementos sociais, como por exemplo as asociacións de veciños ou os grupos de cidadáns que reclaman máis

1 Pregunta teórica.

escolas e parques e mellores transportes, e de grupos de presión (gremios de empresarios e de promotores, ou **lobbies** ou grupos de presión dos bancos).

- Os poderes públicos representan o conxunto dos habitantes e os intereses dos diferentes axentes sociais, teñen un rol arbitral. A través dos **plans de urbanismo** son os encargados de decidiren os usos que se lle atribúen a cada unidade do solo urbano e a orientación que se lle da a expansión da cidade. Teñen capacidade para legislar, planificar. Mediante a construción de equipamentos, infraestruturas e bens e servizos públicos axudan a definir o crecemento urbano, a regular os desequilibrios internos das cidades e contribúen a solucionar as problemáticas e as necesidades de todos os cidadáns.

1.2.2 - O planeamento urbanístico

- Como acabamos de ver o territorio urbano, é unha realidade complexa sobre a que interveñen diferentes axentes con intereses e presións determinados, polo que se fai imprescindible ter que establecer algunhas regras que sirvan para impor unha mínima orde. De aí a necesidade da ordenación do territorio urbano ó que se lle chama urbanismo². Os obxectivos da organización do territorio urbano son corrixir os déficits e os conflitos existentes e orientar a evolución futura da cidade, dando as pautas necesarias para un uso racional, equilibrado e xusto do solo urbano.

- En España isto faise a través dos plans urbanísticos (PXOU)³. Os plans urbanísticos son un documento técnico que elabora cada concello e que ten unha dimensión político e legal, xa que nel se concentran todas as disposicións e propostas relacionadas co crecemento e evolución da cidade. Neles establécense cales deberán ser os lugares e os ritmos de expansión da cidade, así como os procedementos para renovar os barrios xa construídos, modernizalos ou resolver os problemas herdados. Debido a isto os plans teñen un carácter:

- Condicionado. Parten dunha situación que xa existía previamente.
- Correctivo. Buscan emendar os déficits e os problemas existentes.
- Prospectivo. Trazan un plan de investimentos e actuacións futuras na cidade.
- Normativo. Trátase dunha lei de obrigado cumprimento para todos.

- Nos plans urbanísticos teñen moita importancia a planificación dos transportes públicos e os accesos e aparcamentos privados: hai que pensar por onde deben circular os vehículos, as dimensións das rúas e avenidas e, especialmente, planificar a necesidade futura dos transportes públicos xa que a construción das súas infraestruturas (metro, aeroportos, estacións de ferrocarril) require investimentos complexos, custosos e cunha previsión a longo prazo. Tamén deben prover o fornecemento de servizos e de equipamentos (escolas, aparcadoiros, zonas verdes, auga potable, gas, electricidade, recollida de residuos...) en función da poboación que han de ocupar os novos barrios que se proxectan.

2 Urbanismo: conxunto de normas e disposicións técnicas, administrativas, económicas e sociais relativas ós edificios e espazos urbanos que regulan o desenvolvemento dos centros habitados.

3 PXOU (Plan Xeral de ordenación urbana): palabra de vocabulario. As competencias urbanísticas están transferidas ás comunidades autónomas dende 1997, pero son os concellos os que han de concretalas nas súas cidades. En Galicia chámase PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) cada concello debe elaborar o seu e ser sometido a aprobación da Xunta.

● Tamén inclúen as normativas e ordenanzas de edificabilidade, os estándares de habitabilidade das casas e de número mínimo e máximo de habitantes por cada equipamento, a altura e mais a tipoloxía dos edificios, separación de usos e funcións, etc. Un plan urbanístico debe ser firme (ter unhas propostas claras e definidas, ser estrito ante as presións e intereses particulares) pero a vez flexible, xa que as circunstancias e requirimentos dunha cidade poden cambiar con relativa facilidade e o plan debe poder adaptarse.

● Os plans urbanísticos están feitos a escala municipal ou supra municipal (no caso das **áreas metropolitanas**⁴). Cada concello, en función das súas necesidades e da ideoloxía política dos seus gobernantes, establece o seu plan urbanístico. Para facer un plan urbanístico é necesario facer unha e unha **cualificación do solo**⁵Os plans de urbanismo españois clasifican o solo en catro grandes categorías:

- Solo urbano: é o xa urbanizado e que conta con subministracións de auga, electricidade, rede de sumidoiros, etc. É a parte da cidade que xa vemos edificada ou ben que xa dispón de todo o necesario para que se poida construír nela.
- Solo urbanizable: son os terreos que nun futuro máis ou menos inmediato poderán ser urbanizados e construídos ata conformaren solo urbano e, deste xeito, seren considerados parte da cidade.
- Solo non urbanizable: tratase do solo que nunca poderá ser urbanizado nin edificado baixo ningún concepto, xa sexa porque se trata de zonas protexidas polos seus valores ambientais, paisaxísticos, históricos, culturais, etc., ou ben porque son áreas que sofren riscos naturais ou por outras razóns de beneficio colectivo.
- Sistemas xerais: terreos destinados ao funcionamento xeral do municipio, como rede viaria, zonas verdes, equipamentos e servizos urbanos, infraestruturas de titularidade pública, etc

1.3 - A morfoloxía urbana: Tipos de planos.

● Os tipos de planos máis importantes son: irregular, ortogonal (reticular, en cuadrícula), e radiocéntrico.

1.3.1 - O plano irregular

● O plano irregular non mantén unha trama urbana ordenada, senón que o seu trazado é tortuoso con pequenas rúas sen saída e con patios interiores. Normalmente este tipo de plano corresponde coa parte antiga das cidades e ten orixe romano, musulmá ou cristiá medieval. En ocasións aínda é posible seguir o trazado das antigas murallas. A delimitación marcada polas murallas provocaba que se aproveitase todo o espazo interior dispoñible, de modo que o resultado adoitaba ser un conxunto sobrecargado de edificios altos e sen unha orde fixa, rúas estreitas e irregulares cun trazado tortuoso. Todo iso sen planificación nin orde aparente, a miúdo acomodándose ós condicionantes do relevo.

4 Palabra do vocabulario: a área metropolitana está formada por unha cidade central e un conxunto de núcleos urbanos situados ó seu redor e que funcionan como satélites da cidade central exercendo de cidades dormitorio, industriais, de servizos...

5 Palabra do vocabulario.

- **O paso do tempo**, os incendios e as destrucións producidas polas guerras foron introducindo algúns cambios que deterioraron estes barrios antigos. Na medida do posible, as rúas adaptáronse as esixencias modernas de tránsito e unha parte das vivendas remodeláronse e dotáronse dos servizos indispensables. Os sectores monumentais adoitan estar ben coidados porque son zonas de interese artístico que chegan a se converter en barrios-museo para turistas e para os seus escasos residentes.

- Numerosas cidades españolas conservan aínda hoxe o perímetro amurallado medieval: **Lugo, Cáceres, Granada, Avila...**

- Esta trama irregular tamén é propia de zonas próximas ás cidades nas que se instalaban barrios obreiros sen unha previa planificación urbanística.

1.3.2 - Plano radiocéntrico.

- Este tipo de plano presenta unha trama radial ao redor dun punto central e as rúas se distribúen en forma de círculos concéntricos. Permite un rápido acceso ó centro da cidade polas vías radiais pero a comunicación entre os distintos eixes é difícil e a miúdo é mellor pasar polo centro da cidade. Para solucionalo constrúense vías de comunicación que unen os eixes formando círculos concéntricos ou roldas.

- As partes antigas de **Vitoria, Tarragona ou, Madrid** son exemplos deste tipo de plano.

1.3.3 - Plano ortogonal.

- Denomínase tamén plano reticular ou **en cuadrícula** e presenta unha forma simple segundo a cal as rúas se cortan perpendicularmente entre elas. Iso fai que os bloques ou quinteiros de vivendas sexan cadrados ou rectangulares e os edificios teñan unha disposición moi ordenada. A forma reticular facilita a división parcelaria dos terreos e o trazado de rúas anchas, aireadas e soleadas por iso foi o máis utilizado na historia.

- De orixe romano foi este tipo de plano tivo grande éxito durante os séculos XIX e XX, cando moitas cidades se libraron das murallas e trazaron ensanches. Ademais, no século XIX, este tipo de trama facilitaba o rápido desprazamento das forzas da orde, o que permitía reprimir máis doadamente as revoltas populares.

- Durante o século XIX os ensanches destináronse a residencia da clase media e burguesa, pero nunha época onde non había ascensores, os pisos máis altos eran máis baratos e acababan vivindo neles as clases populares:

- O **Ensanche de Barcelona** é un dos máis coñecidos en España non só pola súa grande extensión senón porque antes de aprobarse en 1863, o seu deseñador, Ildefons Cerdá, realizou notables estudos sobre as necesidades e as expectativas da cidade cuxo resultado foi un plan moi rigoroso e preciso.
- Outras cidades españolas con ensanches semellantes son **Pamplona, León, Málaga, ou Santander.**

1.3.4 - Trama e usos do solo:

- A disposición das áreas onde van as edificacións con respecto ás rúas e ás prazas denomínase **trama**. Esta pode ser **pechada** (se é compacta formando mazás). En cambio se na mesma parcela onde van as edificacións deixase espazo libre para zonas verdes ou outro tipo de equipamentos falamos de trama **aberta**.

- O **Tipo de edificación** pode ser colectivo e en altura (bloques e torres) ou individual (adosados, pareados, unifamiliares).

- Os **usos do solo** poden ser variados: residencial, industrial, comercial, equipamento...

1.4 - As funcións urbanas.

- As funcións urbanas son as actividades desenvolvidas pola poboación (residencia, traballo, transporte, lecer, consumo) que condicionan a utilización do espazo da cidade. Habitualmente as cidades conteñen moitas funcións, case todas estreitamente relacionadas entre si. Canto maior é unha cidade máis cantidade de funcións posúe e mais complexas son. As veces acontece que algunha función específica está na súa orixe fundacional (un porto comercial, un lugar de peregrinación) ou é base da especialización actual.

1.4.1 - Función residencial.

- A función residencial debe ter unha serie de equipamentos (escolas, centros de atención sanitaria, mercados, transportes) e infraestruturas (provisión de auga corrente, de electricidade, recollida de residuos) para asegurar o benestar e o correcto funcionamento da organización da sociedade urbana.

- **A zona antiga**, se non foi rehabilitada, acaba sendo un barrio residencial degradado, con poucas comodidades e servizos. Por iso está habitado por persoas sen moitos recursos (xente maior, inmigrantes, etc.). Aproveitando a súa gran centralidade, as veces dánse procesos de atracción da alta burguesía ou **xentrificación**⁶, o que supón conflitos cos antigos residentes e a súa práctica expulsión, xa que os prezos comezan a subir e faise prohibitivo residir alí.

- Algúns **ensanches** edificados durante os séculos XIX e XX seguen a ser extensas áreas residenciais de maior ou menor prestixio.

- Pero as novas clases acomodadas prefiren habitar en **barrios exclusivos** a miúdo na periferia, con boas condicións de servizos e equipamentos. Os seus habitantes poden solucionar a falta de transporte público pola dispoñibilidade de automóviles privados.

- Nas zonas máis periféricas adoitan localizarse **barrios obreiros**, dado que os prezos do solo adoitan ser máis baixos. A rede de transportes non sempre é boa, o que dificulta a integración social e cultural co resto da cidade.

1.4.2 - Función comercial.

- As actividades de intercambios de produtos e de servizos son propias de todas as cidades tanto antigas coma contemporáneas. Deste xeito, a importancia das feiras e dos mercados foi indiscutible no establecemento e desenvolvemento de moitas cidades

6 Palabra de vocabulario. A xentrificación é o proceso de rehabilitación dunha zona céntrica da cidade que antes estaba degradada (casas vellas, sen equipamentos nin comodidades, con poboación marxinal). As casas se rehabilitan, os servizos e as infraestruturas se melloran, e a poboación marxinal se despraza (subida dos alugueres, maior presenza policial...). Deste xeito os prezos soben e a zona pasa a estar habitada por xente de clase alta e oficinas de empresas importantes. Exemplo disto son os barrios de Malasaña en Madrid, ou a área residencial do Papagayo na Coruña.

españolas. Na actualidade, as actividades comerciais multiplicáronse enormemente a abranguen cada día máis produtos, aspectos, ámbitos e escalas.

- As funcións comerciais crean, asemade, moitas actividades derivadas, come, as de almacenaxe e distribución, pero tamén outras moitas estreitamente relacionadas como as compañías de seguros, bancos, xestores, publicidade, etc., ao mesmo tempo que atraen a localización de industrias.

1.4.3 - Función industrial.

- A industria tivo moita importancia no desenvolvemento e mais na morfoloxía da cidade contemporánea. Aínda hoxe é posible ver fábricas, talleres e almacéns mesturados coas vivendas en moitas partes da cidade: adoitan ser actividades limpas, que requiren pouco espazo e enerxía, e manteñen unha estreita relación con outras actividades próximas das que son provedores ou clientes.

- As industrias modernas que son contaminantes ou ruidosas ou as que fabrican en serie e a grande escala e precisan espazos amplos, terreos a prezos alcanzables e ben comunicados acostuman a instalarse en polígonos industriais próximos ás cidades.

1.4.4 - Función militar.

- Antigamente a función militar era o motivo para fundar moitas cidades xa que servían de refuxio ou de base estratéxica. Aínda é posible apreciálo no plano de cidades como Ceuta ou Toledo.

- Actualmente algunhas cidades, polo feito de estaren situadas en lugares estratéxicos, fronteirizos, de paso ou ser bases aéreas ou navais (Ferrol, Rota), mantivéronse activas e convertéronse en nodos de comunicación ou sedes da industria bélica.

1.4.5 - Función política e administrativa.

- Os poderes políticos adoitan asignarlles as funcións políticas e administrativas a cidades que, polo xeral, teñen moitas funcións económicas, están localizadas en nodos centrais ben comunicados ou que, historicamente, tiveron un gran peso na identidade dun territorio determinado.

- A capital (dun país, rexión, provincia, comarca ou distrito) adoita ser un lugar onde abundan os funcionarios públicos, a burocracia e as empresas dedicadas ao sector terciario superior.

- A proximidade ós poderes políticos é un argumento utilizado habitualmente por moitas empresas privadas, institucións públicas e organismos financeiros ou de xestión para localizarse tamén na capital.

1.4.6 - Función cultural.

- Algunhas cidades teñen a súa orixe nunha función relixiosa, ao seren consideradas santuarios ou lugares sagrados. Son lugares onde fieis e peregrinos acoden masivamente para realizar as súas practicas e requiren a organización de transportes, aloxamentos, restaurantes, vendas de obxectos... o que pode supor unha importante fonte de riqueza. Ademais, habitualmente a relixión ten importantes templos e outros edificios específicos de gran valor artístico. En España hai moitas catedrais que reflicten esta realidade.

- Existen tamén cidades que se especializan en educación e investigación, ó integraren universidades e institucións relacionadas con elas. As veces as aulas, laboratorios e bibliotecas concéntranse en áreas específicas, chamadas campus, e paralelamente fan que proliferen as librarías e as residencias para estudantes. É o caso de Salamanca ou Alcalá de Henares.

1.4.7 - Función lúdica e turística.

- Algunhas cidades teñen como función principal o turismo e o ocio, polo atractivo do seu patrimonio cultural, como Granada ou Tarragona, ou polos elementos naturais, como Santa Cruz de Tenerife ou Donostia.

- A actividade turística implica a existencia dunha ampla oferta de servizos (hoteis, restaurantes, comercios). Os visitantes incrementan a poboación temporal e os problemas (provisión de alimentos e de enerxía, recollida de residuos, transporte) pero tamén dan beneficios e a promociónan a cidade.

- Numerosas cidades, ante a declive da industria, están a intentar atraer turistas a través de campañas de mercadotecnia con slogans, logotipos e propaganda de toda clase, coas que se fai promoción e publicidade dos atractivos tradicionais da cidade. Ademais, organízanse eventos, dende exposicións universais ata feiras medievais, ou constrúense edificios espectaculares, por exemplo museos ou estadios, cos que atraer máis visitantes.

2 - O fenómeno urbano en España.

- O fenómeno da urbanización en España débese ó crecemento das cidades que, nos últimos anos, aumentaron de xeito considerable o número de habitantes e as actividades económicas que se desenvolven nelas.

- A morfoloxía ou forma das cidades é o resultado dunha constante transformación. O crecemento do núcleo urbano e das áreas que o rodean foi alterando a morfoloxía urbana co paso do tempo de xeito que na evolución histórica das cidades españolas recoñécense tres etapas:

2.1 - A cidade preindustrial: orixes ata o século XVIII.

2.1.1 - A cidade romana.

- Roma foi a civilización mediterránea que creou unha rede urbana unida por calzadas. Salientan como cidades **Mérida, Toledo, Tarragona, e Zaragoza**.

- As cidades romanas adoitaban ter unha **estrutura ortogonal** e dispor de calzadas pavimentadas, construcións con auga potable, canalizacións de augas residuais, teatros, templos, palacios... e en ocasións reunían varios milleiros de habitantes.

2.1.2 - A cidade na Idade Media.

- Nos **séculos IX e X** mentres os cristiáns do Norte peninsular vivían en pequenas vilas xunto ós mosteiros e ós castelos, os árabes fundaron numerosas cidades.

- No mundo islámico a cidade era o centro da actividade económica. Alí trocábanse os produtos agrícolas polos artesanais e conectábanse as grandes liñas do

comercio artesanal. As cidades eran tamén importantes centros culturais e artísticos. **Córdoba** foi a cidade máis poboada de Europa con 450.000 habitantes.

- **A partir do século XI** as cidades do Norte peninsular empezaron a gañar poboación. Estaban situadas nos cruces dos camiños, portos, ou zonas de contacto entre a chaira e a montaña. Comezaron a construírse edificios importantes como pazos e catedrais que adoitaban situarse na praza central, a cal estaba rodeada de rúas estreitas e de trazado irregular. **Burgos, Salamanca, Valladolid, Zaragoza e Barcelona** foron as cidades máis grandes da época cunha poboación que oscilaba entre 7.000 e 15.000 habitantes.

- Unhas cidades medraron grazas á especialización artesá como **Valencia**.
- Outras debido as súas actividades comerciais como **Barcelona**.
- Ou grazas as súas universidades como **Salamanca**.

2.1.3 - A cidade da Idade Moderna.

- Neste período **Andalucía** continuou a ser unha das zonas máis urbanizadas de Europa. Isto explícase pola herdanza do época andalusí, pola alta produtividade agrícola e polo comercio con América. **Cádiz, Sevilla e Córdoba** superaban os 20.000 habitantes.

- **No centro peninsular** tamén aumentou o nivel de urbanización. En 1561 Filipe II estableceu a capital en **Madrid** como residencia do rei e sede do aparato do Estado. **Burgos** controlaba o comercio do Norte, **Valladolid e Cáceres** eran cidades da nobreza castelá, **Medina do Campo** dedicábase ó comercio da la, e **Salamanca e Alcalá de Henares** eran sedes universitarias.

- **A finais do século XVII e no século XVIII** iniciouse unha nova dinámica, xa que o crecemento concentrouse na **costa mediterránea**, mentres as cidades castelás perdían poboación pola crise económica e a sobrecarga de impostos.

2.2 - A cidade industrial: do XIX ata 1975.

- Ó longo do século XIX apareceu a produción industrial caracterizada polo uso de máquinas, o emprego de man de obra asalariada, e a concentración da produción en fábricas. As fábricas supuxeron un notable impacto arquitectónico e urbanístico nas cidades. A man de obra asalariada propiciou un crecemento acelerado do fenómeno urbano. A produción industrial requiría moita man de obra o que xerou un **éxodo rural** cara as cidades industriais na busca de traballo. Nesta época as fábricas téxtiles localízanse nas cidades de **Cataluña** e a industria siderúrxica na cidade de **Bilbao** e os seus arredores.

- Doutra banda a nova **división provincial** establecida por Real Decreto de 1833 de Xavier de Burgos e o nomeamento das **capitais de provincias**, supuxo a concentración nestas cidades de numerosas funcións de tipo político – administrativo que deron traballo a moitas persoas e que alteraron a xerarquía das cidades.

- As cidades sufriron un proceso de rápida expansión e incesante demanda de espazo. A **destrución das murallas** e o desenvolvemento dos transportes permitiron planificar o crecemento das cidades a través dos ensanches. As veces abríronse novas avenidas no medio da cidade para renovar a trama urbana e asegurar o seu control social.

- As dúas clases sociais que xurdiron da Revolución Industrial, a burguesía e máis o proletariado quedaron tamén separadas espacialmente no na cidade: vivían en barrios afastados entre si con distintos niveis de infraestruturas, servizos, e equipamento.

- **Os ensanches** eran áreas residenciais de nova creación destinadas ás clases burguesas. O seu plano distínguese polo seu trazado xeométrico, ortogonal ou radial e pola anchura e regularidade das rúas.

- Ó longo do século XX e ata a crise de 1975 as cidades españolas continuaron a súa expansión debido ó éxodo rural e ó crecemento da natalidade. O éxodo rural acelerouse na década de 1950 e desbordouse a partir de 1959. Cidades como **Madrid, Barcelona e Bilbao** aumentaron a poboación e provocaron un agravamento dos desequilibrios espaciais. O aumento da poboación densificou os **ensanches e as zonas vellas**. As vivendas fóronse subdividindo entre varias familias debido á pobreza xeneralizada.

- Ó mesmo tempo **a periferia** das cidades foi medrando de xeito anárquico. Apareceron grandes bloques de vivendas con pouca calidade arquitectónica e ampliáronse as zonas industriais. Nas periferias máis degradadas formáronse extensos **barrios de chabolas** nas que non había electricidade nin auga corrente, nin canalización de augas residuais...

2.3 - A cidade postindustrial : de 1975 en diante.

- O crecemento da cidade central fixo que superara os límites municipais e enlazara con outras localidades menores ca ela constituíndo a cidade central a metrópole e a súa área de expansión a área metropolitana. Estas novas áreas urbanas resultaban ás veces moi extensas polo que se difundiron medios de transporte máis rápidos como o metro e o automóbil. Xurdiron barrios residenciais da periferia , os polígonos industriais e as zonas comerciais e de lecer. A isto chamóuselle especialización funcional e deu lugar ó concepto de **cidade difusa** actual que se estende horizontalmente e está separada en áreas especializadas nunha función concreta:

- O casco histórico da cidade especializada no turismo cultural.

- Áreas de sobrecentralidade que se caracterizan por ser a sede das grandes empresas industriais e financeiras así como das institucións públicas. Soen coincidir cos centros históricos das cidades globais polo carácter simbólico e de prestixio destes lugares e porque teñen infraestruturas máis desenvolvidas e mellor comunicadas.

- Áreas degradadas que sufriron un proceso de xentrificación habitadas polas clases medias altas.

2.3.1 - Barrios residenciais na periferia:

- Barrios marxinais de infravivendas e chavolas. En ocasións nestes barrios existen estalidos violentos de compoñente racista pola difícil convivencia entre a poboación autóctona e a inmigrante. Algúns destes barrios convértense en **guetos** ou barrios onde se acumula a poboación marxinal.

- Barrios de vivendas de promoción oficial.

- Barrios sen planificar con crecemento en “mancha de aceite”.

- Polígonos de vivendas de promoción pública ou privada. Normalmente son **bloques de pisos** sen a calidade suficiente, con poucos equipamentos e escasas zonas verdes. Aínda que a partir da década de 1990 a calidade xeral dos bloques de nova construción mellorou de maneira considerable.

- Áreas de vivendas unifamiliares de chales adosados ou unifamiliares. En ocasións, dado o seu espallamento e illamento respecto dos equipamentos e das actividades, fan que se convertesen en problemáticas cidades de baixa densidade.

- Áreas residenciais exclusivas que teñen servizos privados de vixilancia, recollida de lixo e de ocio. Garantan seguridade e privacidade pero son moi custosas de manter. Isto fai que só estea ó alcance duns poucos. Hai algunhas destas nos arredores de Madrid e Barcelona.

2.3.2 - Áreas industriais e de equipamento na periferia:

- Áreas industriais: polígonos industriais organizados ou desorganizados ós que hai que sumarlle os parques tecnolóxicos ou empresariais.

- Áreas de equipamento descentralizadas: grandes superficies comerciais, centros educativos, sanitarios e de servizos situados na periferia urbana.

2.4 - Xerarquías e redes urbanas en España.

- A xerarquía urbana é a organización das cidades segundo a súa área de influencia, o seu tamaño demográfico, e as súas funcións e servizos. O territorio vinculado a unha cidade é o hinterland ou área de influencia, e as cidades que exercen a influencia chámase-lle lugares centrais. Polo xeral canto maior é a cidade máis ampla é a gama de servizos e funcións que ofrece e máis capacidade ten para ter unha área de influencia maior.

- Na actualidade España densificou o seu tecido urbano e conta con máis de vinte **rexións metropolitanas**. As rexións metropolitanas son territorios maiores ca área metropolitana que abarca cidades vinculadas entre si pola proximidade, as relacións económicas, e as redes de transporte.

- Cando a aglomeración urbana está formada por un conxunto de varias cidades de importancia similar chámase-lle **conurbación**: Tarragona-Reus, Málaga-Marbella, Pontevedra-Marín...

- Algunhas cidades españolas intentan non pasar desapercibidas e manter a súa posición no contorno europeo e mundial. De aí o seu esforzo en:

- Implantar unha rede de infraestruturas de transporte que conecte ca rede internacional ca ampliación de aeroportos como o de **Madrid e Barcelona**, e as liñas de alta velocidade como o AVE. Estas infraestruturas unen as cidades españolas entre elas e co resto de Europa.
- Dotarse dunha boa imaxe internacional ca promoción turística, a construción de edificios singulares, e a organización de eventos internacionais como a organización dos Xogos Olímpicos de Barcelona, ou da Exposición Universal de **Sevilla** en 1992.

● **A xerarquía urbana en España** configúrase do seguinte xeito:

- **Metrópolis globais nacionais como Madrid e Barcelona.** A súa influencia acada o conxunto do país e esténdese a nivel internacional. Contan coas sedes das empresas máis destacadas e cas institucións públicas principais. Teñen unha densa rede de comunicacións e unha gran actividade política e cultural.
- **Metrópolis rexionais como Valencia, Sevilla, Zaragoza, Bilbao ou Málaga.** Constitúen extensas rexións onde viven entre medio millón e millón e medio de habitantes. Contas con boas comunicacións e dinamismo económico.
- **Metrópolis subrexionais.** Son áreas metropolitanas relativamente pequenas como **Murcia, Valladolid ou Vigo** que dispoñen de servizos especializados como universidades ou grandes hospitais. A súa poboación non acada o medio millón de habitantes.
- **Cidades medianas** formadas por moitas capitais de provincias como **Santander, Logroño ou Cidade Real** que teñen entre 50.000 e 200.000 habitantes e unha boa dotación de servizos.
- **Cidades pequenas** formadas por núcleos de entre 10.000 e 50.000 habitantes con equipamentos e infraestruturas básicas que lle permiten influír nas localidades da súa comarca.

● **As redes urbanas en España** están formadas por un **núcleo central e diversos eixes periféricos** que coinciden coa localización das principais actividades económicas e coas redes de transporte:

- **O núcleo central de Madrid** que aparece como a maior aglomeración urbana do país situada no centro da **Meseta** sobre a que exerce unha forte influencia. Madrid mantén intensas relacións cas **cidades importes do resto de España**.
- **Eixe do Mediterráneo** que se estende **dende a fronteira francesa ata Cartaxena e inclúe grandes metrópoles como Barcelona e Madrid**. Ten autoestradas e liñas de ferrocarril que facilitan o seu desenvolvemento. Debido ó turismo a edificación é practicamente continua en todo o litoral.
- **Eixe cantábrico** que se prolonga **dende a fronteira francesa ata a aglomeración de Oviedo-Xixón**. Inclúe zonas altamente urbanizadas. Salientan as cidades de **Bilbao e Vitoria**.
- **Eixe do val do Ebro** que **une o eixe cantábrico co mediterráneo** a través das **cidades de Logroño e Zaragoza**.
- **Eixe atlántico galego** entre **Ferrol e Vigo** pasando pola **Coruña e Santiago**.
- **Eixe andaluz** que se divide en dous:
 - Un polo **val do Guadalquivir cara Sevilla e Córdoba**.
 - Outro **polo litoral cara Málaga e Granada**, baseado no desenvolvemento turístico.
- **Os arquipélagos balear e canario** integrados pola súa funcionalidade turística.

3 - Transformacións recentes na estrutura das cidades.⁷

7 2ª Pregunta teórica do tema. Está na páxina seguinte.